



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Psicoloxía do desenvolvemento de 0 a 6 anos	Código	652G01004	
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Porto Riobó, Ana Maria	Correo electrónico	ana.prioboo@udc.es	
Profesorado	Porto Riobó, Ana Maria	Correo electrónico	ana.prioboo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia xunto coa "Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos" configuran o Módulo de Formación Básica do Título: Procesos educativos, aprendizaxe e desenvolvemento da personalidade de 0 a 6 anos (Orden ECI/3854/2007, do 27 de decembro). O núcleo de competencias básicas trata do coñecemento do desenvolvemento da psicoloxía evolutiva da infancia nos períodos de 0 a 3 e de 3 a 6 anos, en concreto nos dominios psicomotriz, cognitivo, lingüístico, social e afectivo-emocional.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se producirán cambios, xa que os contidos están íntegros na plataforma virtual Moodle 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican - Actividades de Avaliación inicial. Faranse a través de reunións programadas vía teams nos módulos horarios de docencia expositiva con cada grupo interactivo - Sesión maxistral. Poderá facerse virtualmente (durante os módulos horarios de docencia expositiva) para algúns apartados do temario que revistan maior dificultade ou sexan obxecto de actividades nos traballos tutelados; no resto, resolveranse dúbidas conceptuais, individuais ou grupais, vía teams, durante os horarios de docencia expositiva. - Traballos tutelados. As actividades colaborativas serán guiadas/orientadas virtualmente a través de reunións con portavoces grupais ou chats a través de teams nos módulos horarios interactivos ou indicacións/aclaracións realizadas a través da plataforma moodle. - Investigación (Proxecto de Investigación). Os datos serán proporcionados. senón se pode acudir aos centros escolares para a súa recollida. - Proba de ensaio (Modalidade B de avaliación) Mantense a proba cos cambios que se indican no apartado de avaliación. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A atención personalizada realizarase durante os módulos horarios da materia interactivos e horario de titorías (para a Modalidade A) e en horario de titorías (para a Modalidades B de avaliación) 4. Modificacións na avaliación Modalidade A de Avaliación. Non se realizarán modificacións na avaliación Modalidade B de Avaliación. A proba de ensaio será asíncrona de longa duración con material. con preguntas referidas tanto aos contidos teóricos como prácticos. No día e hora da mesma marcado polo centro, convocarase ao alumnado a unha reunión en teams para a entrega da proba; unha vez realizada entregarase vía moodle. *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se farán modificacións na bibliografía
----------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer, comprender e valorar o coñecemento científico aportado desde a Psicoloxía do Desenvolvemento ao estudo dos procesos de cambio comportamental que se producen nos seres humanos como resultado de procesos de crecemento, desenvolvemento, experiencias vitais significativas (denominado xenericamente cambio evolutivo).	A2		
Coñecer e comprender a evolución psicolóxica das nenas e dos nenos no nivel educativo de infantil, é dicir, na primeira (0-3) e segunda infancia ou nenez temperá (3-6 anos)	A2 A3 A4 A15		
Coñecer e identificar as principais características psicoevolutivas do alumnado de educación infantil nas súas dimensións ou dominios cognitivo e social-relacional e a súa interrelación e continuidade.	A2 A3 A4 A15		
Identificar e analizar algunhas das características psicoevolutivas do alumnado na etapa de educación infantil, a través da observación, de autoinformes e estudos clínicos.	A2 A4	B1 B5 B11	
Planificar e realizar tarefas de forma crítica e creativa, como froito dun pensamento diverxente.		B24	C6
Manexar ferramentas informáticas e utilizar distintos recursos da rede para a procura de información.		B1 B5 B11	C6 C7
Elaborar táboas, perfís, cadros para a presentación de datos, puntuacións ou información.		B1 B11	
Elaborar informes de forma sistemática e planificada a partir de datos obtidos da aplicación de cuestionarios u observación.	A4	B1 B5 B24	C6
Entender o carácter interactivo do proceso de ensino/aprendizaxe nas situacións educativas, e en consecuencia valorar a asistencia á clase como o contexto en que se materializará o mesmo.		B1 B5 B24	
Valorar a participación, o diálogo e o debate, cunha actitude de respecto, tanto cara ás quendas como ás ideas, como formas de implicación activa e compromiso coa aprendizaxe.		B1 B5 B24	C6 C7
Sensibilizarse, comprometerse activamente, responsabilizarse e avaliar o propio proceso de aprendizaxe, desenvolvendo hábitos de traballo, esforzo, responsabilidade e actitudes de curiosidade, rigor científico e interese pola aprendizaxe e o traballo ben feito.		B1 B5 B24	C6 C7
Desenvolver técnicas e actitudes favorábeis á cooperación, coparticipación, compromiso e intercambio con outras compañeiras e compañeiros e desenvolver formas de conversación e pensamento exploratorias que favorezan a comprensión e construción do coñecemento.		B1 B5 B24	C6 C7
Recoñecer e valorar as diferenzas individuais rexeitando a discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais. Aceptar e valorar a diversidade		B5 B24	
Desenvolver actitudes favorábeis ao desenvolvemento sotibel			C4

Contidos	
Temas	Subtemas



1. O DESENVOLVEMENTO NA EDUCACIÓN INFANTIL	1. A Psicoloxía do Desenvolvemento 1.1. Obxecto de estudo da Psicoloxía do Desenvolvemento 1.2. Procesos e etapas do desenvolvemento durante a vida 1.3. Determinantes do desenvolvemento 1.4. Deseños básicos para a investigación evolutiva 2. A educación infantil 2.1. Fins e obxectivos da educación infantil 2.2. O currículo na educación infantil 2.3. As competencias básicas en educación infantil
2. DESENVOLVEMENTO PSICOMOTOR	1. Introducción 2. O desenvolvemento físico 3. Desenvolvemento psicomotriz na primeira infancia 3.1. Sistemas para actuar no mundo: Os reflexos 3.2. Sistemas para recibir información: Os sentidos 3.3. Sistemas para transmitir información: O pranto e o sorriso 3.4. A motricidade 4. Desenvolvemento psicomotriz na segunda infancia 4.1. Progresos na psicomotricidade grossa 4.2. Progresos na psicomotricidade fina 4.3. Estabelecemento da preferencia lateral 4.4. O corpo como esquema 4.5. O ton muscular 4.6. A estruturación do espazo e do tempo
3. DESENVOLVEMENTO COGNITIVO	1. Introducción 2. O desenvolvemento cognitivo na primeira infancia 2.1. O Desenvolvemento da atención 2.2. O Desenvolvemento da memoria 2.3. O Desenvolvemento da intelixencia 3. O desenvolvemento cognitivo na segunda infancia 3.1. Desenvolvemento da atención 3.2. Desenvolvemento da memoria 3.3. Desenvolvemento da intelixencia 4. Implicacións educativas para a etapa
4. ADQUISICIÓN E DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE	1. Introducción 2. Adquisición e desenvolvemento da linguaxe nos dous primeiros anos 2.1. Etapa prelingüística 2.2. Etapa lingüística 2.3 . Aspectos que favorecen a adquisición da linguaxe 3. Desenvolvemento da linguaxe a partir dos dous anos 3.1. Introducción 3.2. Adquisición dos sons da lingua: desenvolvemento fonolóxico 3.3. Adquisición do significado das palabras: desenvolvemento semántico 3.4. Adquisición das regras de organización das palabras: desenvolvemento morfosintáctico 3.5. O coñecemento acerca da linguaxe 4. Implicacións educativas para a etapa



5. DESENVOLVEMENTO AFECTIVO-EMOCIONAL E DA PERSONALIDADE	1. Introducción 2. Desenvolvemento persoal, afectivo-emocional e social na primeira infancia 2.1. A construción da identidade persoal 2.2. O desenvolvemento afectivo-emocional 2.3. O desenvolvemento social 3. Desenvolvemento persoal, afectivo-emocional e social na segunda infancia 3.1. A construción da identidade persoal 3.2. O desenvolvemento emocional e moral 3.3. O desenvolvemento social 4. Implicacións educativas para a etapa
--	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A2 B5 B24	3	0	3
Sesión maxistral	A2 A4	15	0	15
Traballos tutelados	A2 A3 A4 A15 B1 B5 B11 B24 C4 C6 C7	18	60	78
Investigación (Proxecto de investigación)	A2 A4 B1 B5 B11 C6 C7	4	38	42
Proba de ensaio	A2 A4 B1	2	0	2
Atención personalizada		10	0	10
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levarán a cabo antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar. Presentación da materia.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais (presencial ou virtualmente) e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de introducir e presentar os coñecementos de cada tema e facilitar a súa aprendizaxe.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela da profesora (de forma presencial ou virtualmente). Trátase de actividades de orientación-execución e de demostración-práctica a fin de que o alumnado comprenda significativamente a información relativa ao desenvolvemento na etapa de 0 a 6 anos e a integre na súa estrutura de coñecementos.
Investigación (Proxecto de investigación)	Proceso de ensinanza (presencial ou virtualmente) orientado a facilitar a construción expansiva do coñecemento mediante a realización de actividades prácticas (informes psicoevolutivos/artigos de investigación) baseadas na identificación, análise e estudo algunhas das características psicoevolutivas do alumnado de infantil a través da observación participativa, de autoinformes e de estudos clínicos. Todo isto farase a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Proba de ensaio	MODALIDADE B DE AVALIACIÓN. Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada combinada coa capacidade de razoamento. Permite medir as habilidades de síntese, descrición, comparación, relación, explicación, exemplificación, polo que implica un dominio amplo e profundo dos contidos tanto teóricos como das actividades e prácticas desenvolvidas na aula.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Investigación (Proxecto de investigación)	A atención personalizada realizarase tanto no escenario da aula como en titorías. Consistirá en guiar e tutelar o proceso da aprendizaxe dos grupos de traballo nas distintas actividades de tipo práctico e na elaboración dos informes pertinentes. Todo isto farase coa finalidade de facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente.
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A3 A4 A15 B1 B5 B11 B24 C4 C6 C7	Informe do traballo individual e grupal realizado para a elaboración de actividades de orientación-execución e de demostración-práctica. Este informe entregarase a través da plataforma virtual Moodle da Universidade da Coruña. Na Modalidade B de avaliación estes traballos serán obxecto de avaliación a través de preguntas na proba de ensaio.	80
Investigación (Proxecto de investigación)	A2 A4 B1 B5 B11 C6 C7	Trátase de identificar, analizar e estudar algunhas das características psicoevolutivas dunha pequena mostra de alumnado de infantil e elaborar informes/artigos psicoeducativos, a partir da observación participativa ou da aplicación de probas, en base aos datos obtidos (ou proporcionados no caso de que non se poida acudir aos centros escolares). Todo isto farase a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. Este informe entregarase a través da plataforma virtual Moodle da Universidade da Coruña. Na Modalidade B de avaliación esta investigación poderá ser obxecto de avaliación a través de preguntas na proba de ensaio.	20

Observacións avaliación



1ª CONVOCATORIA. 1ª

OPORTUNIDADE

Dependendo da asistencia continuada ou non as clases, hai dúas modalidades de seguir a materia de ?Psicoloxía do desenvolvemento de 0 a 6 anos? que determinan dous modos diferentes de avaliación: Modalidade A: Avaliación Continua e Modalidade B de Avaliación Final

? Modalidade A.

Avaliación Continua. Nesta modalidade levarase a cabo unha avaliación de tipo procesual consistente na realización dunha serie de actividades e prácticas de cada tema realizadas en grupo co seguimento periódico das mesmas.

Por tanto será obrigatoria a asistencia ás clases (como mínimo o 85% das horas presenciais, é dicir, só se poderá faltar un máximo de 4 módulos no cuadrimestre con ou sen xustificación, en caso contrario deberase optar pola modalidade B), sendo imprescindible ademais a participación activa e continuada por parte do alumnado no grupo de traballo na aula (no caso de non ser así contabilizarase como unha ausencia). Esta avaliación levarase a cabo a partir:

a/ Da presentación por escrito das actividades

de grupo de cada un dos temas (traballos tutelados) que suporán un máximo dun 80% da cualificación

b/ Da presentación por escrito das prácticas grupais que se indiquen (investigación/proxecto de investigación) e que suporán un máximo do 20% da cualificación.

Para superar satisfactoriamente a materia será necesario presentar

todas as actividades (traballos tutelados) e prácticas (investigación) propostas obtendo en cada unha delas o 50% do peso da cualificación e participar no traballo non presencial como mínimo nun 85% das horas traballadas (participación cualificada polos membros do grupo colaborativo).

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada

un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo (esta cualificación a nivel individual pódese ver afectada polas cualificacións que os membros do grupo fagan do traballo realizado por cada membro).

?

Modalidade B . Avaliación Final. Para aquel

alumnado que non asista ao 85% das horas presenciais, alumnado repetidor ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de

asistencia, a cualificación virá determinada por unha proba final de ensaio escrita

dos contidos teóricos e actividades/investigación da materia. Esta proba terá o 100% do peso na avaliación.

1ª CONVOCATORIA. 2ª OPORTUNIDADE

- Na Modalidade A. Terase que repetir a parte obxecto de avaliación en que non se acadou o 50% do seu peso na cualificación

- Na Modalidade B. A avaliación realizarase segundo o sinalado para a 1ª oportunidade.

OUTRAS CONVOCATORIAS

Nas restantes convocatorias seguirase a Modalidade B de Avaliación Final, isto é proba escrita dos contidos teórico-prácticos da materia do curso académico correspondente.



Bibliografía básica	ADRIAN SERRRANO, J.E. (2008). El desarrollo psicológico infantil: áreas y procesos fundamentales. Castelló de la Plana: Publiciones de la Universitat JaumeBASSADAS, E., HUGUET, T. e SOLÉ, I. (2006). Aprender y enseñar en educación infantil. Madrid: Graó BERGER, K.S. (2007). Psicología del desarrollo: Infancia y adolescencia (7ª ed.). Madrid: Editorial Médica Panamericana BERGER, K.S. e THOMPSON, R.A. (1997). Psicología del desarrollo: Infancia y adolescencia. Madrid: Editorial Médica PanamericanaBERK, L.E. (1999). Desarrollo del niño y del adolescente. Madrid: Prentice HallBERMÚDEZ, M.P. e BERMÚDEZ, A.M. (Eds.) (2004). Manual de Psicología Infantil. Aspectos evolutivos e intervención psicopedagógica. Madrid: Biblioteca NuevaBURMAN, E. (1994). La deconstrucción de la Psicología Evolutiva. Madrid. Aprendizaje VisorCARPINTERO, E. e BELTRÁN, J. (2013). Psicología del desarrollo. Madrid: CEFCONDE PLAZA, D. (2009). Psicología del desarrollo infantil. Málaga: Ediped (Material Audiovisual)CÓRDOBA, A.I.; DESCALS, A. e GIL, M.D. (Coords.)(2006). Psicología del desarrollo en la edad escolar. Madrid: PirámideCORRAL, A., GUTIERREZ, F. e HERRANZ, P. (1997). Psicología Evolutiva. Tomo I. Madrid: UNEDCRAIG, G.J. (2001). Desarrollo psicológico (8ª ed.). México: Prentice Hall DELVAL, J. (1994). El desarrollo humano. Madrid: Siglo XXIDELVAL, J. e ENESCO, I. (1991). La aventura de crecer (material audiovisual)ENESCO, I. (2010). El desarrollo del bebé: cognición, emociones y afectividad. Madrid: Alianza EditorialGARCÍA MADRUGA, J.A. e LACASA, P. (Dirs.)(1990). Psicología evolutiva. 2 Vols. Madrid: UNEDGARCÍA MADRUGA, J.A. et al. (2010). Psicología del desarrollo I. Madrid: UNED (libro electrónico)GARCÍA MUÑOZ, A. (2010). Psicología del desarrollo en la etapa de educación infantil. Madrid: PirámideGIMÉNEZ-DASI, M. et al. (2006). Psicología del desarrollo: addenda, guía didáctica y prácticas. Madrid: UNEDGIMÉNEZ-DASI, M. e MARISCAL, S. (Coords.) (2008). Psicología del desarrollo. Desde el nacimiento a la primera infancia. Vol. 1. Madrid: McGraw HillGÓMEZ ALBO, A. (2010). Unha viaxe pola infancia. Vigo: In Indo EdiciónsGUTIERREZ, F. e VILA, J.O. (coords.) (2011). Psicología del desarrollo 2. Madrid: UNEDKLEIN, L. e HICKMAN, D. (1994). El mundo en pañales (material audiovisual)MAÍLLO, J.M. (2006). Psicología del desarrollo: en una perspectiva educativa. Madrid. CEPeMARTÍN, C. e NAVARRO, J.I. (2009). Psicología del desarrollo para docentes. Madrid: PirámideMARTÍN, C. e NAVARRO, J.I. (Coord.) (2016). Psicología evolutiva en Educación Infantil y Primaria. Madrid: PirámideMARTÍN SÁNCHEZ, M.V. (2009). Psicología de la educación y del desarrollo en educación infantil. Málaga: Ediped (material audiovisual)MIRAS, F., SALVADOR, M. e ÁLVAREZ, J. (2001). Psicología de la educación y del desarrollo en la edad escolar. Granada: Grupo Editorial UniversitarioMUÑOZ GARCÍA, A. (2010). Psicología del desarrollo en la etapa de educación infantil. Madrid: PirámideMUÑOZ TINOCO, V. et al. (2011). Manual de psicología del desarrollo aplicada a la educación. Madrid: PirámidePALACIOS, J., MARCHESI, A. e COLL, C. (Comps.)(1990). Desarrollo psicológico y educación. I. Psicología Evolutiva. Madrid: Alianza PsicológicaPALACIOS, J., MARCHESI, A. e COLL, C. (Comps.)(2002). Desarrollo psicológico y educación. I. Psicología Evolutiva (2ª edic.). Madrid: Alianza PsicológicaPAPALIA, D.E., WENDKOS, S. e DUSKIN, R. (2005). Desarrollo Humano (9ª edic.). Madrid: McGraw-Hill PERINAT, A. (2002): Psicología del desarrollo. Del nacimiento al final de la adolescencia. Barcelona: UOCPÉREZ-DELGADO, E. e GARCÍA ROS, R. (2010). Psicología del desarrollo II. Madrid: McGraw-Hill/Interamericana de España (libro electrónico)PERINAT, A. (2007). Psicología del desarrollo: Un enfoque sistémico. Barcelona: UOCPÓVEDA, B. e GRANDE, P. (2013). Psicología del desarrollo. Zaragoza: Stylo DigitalRICE, F.P. (2000). Desarrollo humano. Estudio del ciclo vital. México: Prentice HallRUBIO, R. (1992). Psicología del desarrollo. Madrid: CCSSADURNI, M., ROSTÁN, C. e PLANUGUMÁ, P. (2008). El desarrollo de los niños paso a paso (3ª ed.). Barcelona: UOC SANTROCK, J.W. (2006). Psicología del desarrollo en la infancia (10ª ed.). Madrid: McGraw-Hill SHAFFER, D.R. (1999). Psicología del desarrollo: Infancia y adolescencia (5ª ed). México: Internacional Thomson Editores SILVESTRE, N. e SOLÉ, M.R. (1993). Psicología evolutiva. Infancia, preadolescencia. Barcelona: CEACTHALENBERG, E. (2006). Bebé Humano (material audiovisual)TRIANES, M.V. e GALLARDO, J.A. (Coords.)(2003). Psicología de la educación y del desarrollo. Madrid: PirámideTRIANES, M.V. e GALLARDO, J.A. (Coords.)(2004). Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares. Madrid: PirámideYUSTE, N., GAZQUEZ, J.J. e PÉREZ FUENTES, M.C. (2007-2008). Psicología del desarrollo en la escuela (2 Vols.). Granada: Grupo Editorial Universitario
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Os contidos teóricos, actividades e prácticas poden obterse tanto en Moodle como no Servizo de Reprografía da Universidade (na redacción utilizarase unha linguaxe inclusiva). As actividades e prácticas entregaranse vía telemática (a través da plataforma virtual Moodle) para contribuír a un desenvolvemento sostíbel, previr impactos negativos sobre o medio ambiente, e evitar o esgotamento de recursos naturais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías